

SOBRE A RELEVANCIA DA PROPORCIONALIDADE E A REPRESENTATIVIDADE NOS SISTEMAS ELECTORAIS¹

IVÁN ARIAS BALSA

Universidade de Santiago de Compostela

Recepción: 15 de junio de 2012

Aprobado por el Consejo de Redacción: 15 de julio de 2012

RESUMO: Trinta e catro anos despois da primeira normativa electoral da democracia española, e vinteseis anos despois de que esta fose recollida en Lei Orgánica, dacordo ó mandato constitucional, prodúcese en España un movemento social que reclama maior representación da cidadanía nas institucións políticas a través da proporcionalidade, plasmándose na esixencia de reforma da lei electoral, xa que foi deseñada na súa orixe para favorecer o bipartidismo. Este estudo trata de destacar a importancia do sistema electoral na tarefa da representatividade da cidadanía, desbotando que a proporcionalidade sexa o principal factor para que exista unha verdadeira representación do electorado.

PALABRAS CLAVE: Democracia, Sistema Electoral, Pluralismo Político, Proporcionalidade, Representatividade

ABSTRACT: A civic movement occurs in Spain, thirty-four year after the first electoral rules of the spanish democracy, and twenty-six years after those rules were compiled in an act, in accordance with the Spanish Constitution. This social movement wants a greater representation of the citizenship in political institutions through the proportionality, and requires the reform of the Electoral Law, which was originally designed in order to favor a two party-system. This work tries to emphasize the electoral system importance in the citizenship representativity, and rejects the proportionality as the main factor in order to exist a full representation of the electorate.

KEYWORDS: Democracy, Electoral system. Political pluralism. Ppolitical proportionality. Political representation.

1 Versión corrixida e ampliada do traballo que gañou o II Premio *Lois Tobío* de Investigación Xurídica en Lingua Galega, na súa modalidade de licenciados.

SUMARIO: I. INTRODUCCIÓN. II. O PORQUÉ DO ACTUAL SISTEMA ELECTORAL EN ESPAÑA. III. DISCRIMINACIÓN DE DOUS CONCEPTOS BÁSICOS: PROPORCIONALIDADE E REPRESENTATIVIDADE. 1. Proporcionalidade. 2. Representatividade. IV. CONCLUSIÓNS. V. BIBLIOGRAFÍA

I. INTRODUCCIÓN

A Lei 1/1977, de 4 de xaneiro, *para a Reforma Política*, e derradeira Lei fundamental do franquismo, insta a democracia en España. Na súa disposición transitoria primeira establece as liñas mestras que deben guiar ó Goberno na elaboración do sistema electoral polo que se rexerán as eleccións ó lexislativo: haberá trescentos cincuenta Deputados, elixidos baixo «*criterios de representación proporcional*», aplicando «*dispositivos correctores para evitar fragmentacións inconvenientes*», con un límite mínimo de sufraxios para acceder ó Congreso; e douscentos sete senadores, elixidos baixo «*criterios de escrutinio maioritario*»².

O Goberno aprobará o 18 de marzo dese mesmo ano, o Real decreto-lei 20/1977, sobre normas electorais. Nel desenrolarase o mandato legal ó executivo, atribuíndo un escano no Congreso dos Deputados cada cento corenta e catro mil cincocentos habitantes, e restos de poboación que superen os setenta mil habitantes, establecendo como circunscrición electoral a provincia³. O sistema de voto para esta cámara concretarase en *candidaturas completas, bloqueadas e fechadas, cuxa presentación se reserva ós partidos e federacións constituídos dacordo coas normas reguladoras do dereito de asociación política, ás coalicións destas forzas que poden formarse por simple declaración ante a Xunta Electoral Central e ós propios electores que desexen promover candidaturas determinadas e non de partido*⁴. A distribución dos escanos farase por medio da regra d'HONT, que se resalta no propio Real decretolei como *poderoso corrector do excesivo fraccionamento das representacións parlamentarias*⁵. No Senado o criterio de elección será o maioritario con sistema de sufraxio restrinxido⁶.

Esta regulación electoral tan polo miúdo debería ser un ensaio de sistema para o exercicio do dereito de sufraxio activo que se enuncia no artigo segundo dous da Lei 1/1977, e se consagrará definitivamente no artigo 23.1 da Constitución Española. Mais o lexislador, poder constituído, optou por consagrar na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do *Réxime Electoral Xeral* —en diante LOREX—, o fundamental do sistema previsto no Real decretolei

2 Disposición transitoria primeira, Lei 1/1977, de 4 de xaneiro, *para a Reforma Política*. B.O.E. nº 4, de 5 de xaneiro do 1977. (Subliñado do autor).

3 Disposición transitoria primeira, Lei 1/1977, de 4 de xaneiro, *para a Reforma Política*. B.O.E. nº 4, de 5 de xaneiro do 1977. Exposición de motivos, IV, e Artigo dezanove—Un, Real decretolei 20/1977, de 18 de marzo, *sobre Normas Electorais*. B.O.E. nº 70, de 23 de marzo do 1977.

4 Exposición de motivos, IV, e Artigo vinte—un, dous e tres do Real decretolei 20/1977, de 18 de marzo, *sobre Normas Electorais*. B.O.E. nº 70, de 23 de marzo do 1977.

5 Exposición de motivos, IV, Real decretolei 20/1977, de 18 de marzo, *sobre Normas Electorais*. B.O.E. nº 70, de 23 de marzo do 1977. A aplicación material da fórmula recóllese no artigo vinte—catro da mesma norma.

6 Disposición transitoria primeira, Lei 1/1977, de 4 de xaneiro, *para a Reforma Política*. B.O.E. nº 4, de 5 de xaneiro do 1977. Exposición de motivos, IV, e artigo vinteun—un e dous do Real decretolei 20/1977, de 18 de marzo, *sobre Normas Electorais*. B.O.E. nº 70, de 23 de marzo do 1977.

do ano 1977, se ben con pequenas modificacións —no tocante ó método de asignación do número de deputados a cada circunscrición electoral—. No artigo 162 da LOREX introdúcese un procedemento aritmético encamiñado á obtención dos deputados correspondentes a cada provincia. Estas seguirán sendo a circunscricións electorais nas eleccións xerais, dacordo ó artigo 68.2 da Constitución Española, e respectaráselles unha representación mínima de dous deputados a cada unha⁷. Ceuta e Melilla terán un deputado cada unha. O uso da regra d'HONT para a atribución dos escanos no Congreso dos Deputados tamén cristaliza na normativa electoral⁸, ó considerarse que se axeita á esixencia do artigo 63.3 da Constitución Española, sobre a elección en cada circunscrición *atendendo a criterios de representación proporcional*, literalmente. Para a elección dos Senadores non se establece constitucionalmente ningunha prescrición acerca do sistema de asignación de escanos, deixando esa tarefa ó lexislador orgánico. O artigo 166 da LOREX determinará un sistema maioritario para a elección, considerado pola doutrina como «maioritario correxido»⁹.

Así, durante 26 anos, foi esta a estrutura xurídica básica que regulou as eleccións xerais no Estado. En todo este tempo a polémica e as críticas ó sistema electoral estiveron presentes, e a reforma da lei electoral foi un dos *leitmotiv* de numerosos partidos políticos, académicos e grupos sociais.

O 15 de maio do 2011 foi o punto no que podemos situar o comezo dunha serie de protestas nas prazas e rúas públicas de numerosas cidades e capitais de provincia de toda España, reivindicando *democracia real*, unha semana antes das eleccións municipais e autonómicas. Á crise económica sumárase a constatación popular do distanciamento entre clase política e cidadanía, de tal xeito que estes últimos reclamaban maior presenza no proceso electoral, non como meros emisores de voto, senón como unha parte activa no control político dos representantes, maior proporcionalidade electoral —para que se visen reflectidos de xeito máis fidedigno os votos en urna a cada partido, e que non existan diferencias no valor do voto entre as distintas circunscricións—, e incluso que os votos en branco e nulos fosen tidos en conta á hora de asignar representantes nas cámaras lexislativas¹⁰. A relevancia das reivindicacións e as protestas fóronse diluíndo no tempo, ata chegar a desaparecer case por completo, sen que as peticións fosen atendidas. Pero o problema do sistema electoral, ademais de moitos outros, subsiste.

Co presente traballo pretendemos dar unha visión da importancia constitucional dalgunhas das demandas dos indignados, botando a vista atrás e considerando as posicións doutrinarias. Concretamente buscaremos unha clara resposta ás preguntas de cal ten que ser o obxectivo fundamental e esencial que se debe atender nun proceso electoral, e como se pode

7 Artigo 162.2, Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do *Réxime Electoral Xeral*. B.O.E. nº 147, de 20 de xuño do 1985.

8 Artigo 163, Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do *Réxime Electoral Xeral*. B.O.E. nº 147, de 20 de xuño do 1985.

9 OLIVER ARAUJO, Joan; p. 207: «Circunscrición electoral y elecciones autonómicas», pp. 197-241; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

10 Un compendio de tódalas peticións deste movemento cidadán, denominados *Movemento dos Indignados —a raíz dun opúsculo de Stéphane HESSEL intitulado Indignezvous—*, pódese atopar en VELASCO, Pilar: *No nos representan. El manifiesto de los indignados en 25 protestas*; Editorial Planeta, Madrid, 2011.

acadar mellor esa finalidade; elaborando unha crítica ó actual sistema, e incluso ás propostas que se realizaron durante todos estes anos tanto por parte da cidadanía como do mundo do dereito constitucional.

II. O PORQUÉ DO ACTUAL SISTEMA ELECTORAL

Cómpre explicar brevemente as razóns que levaron ó lexislador —tanto pre como postconstitucional— ó deseño do actual sistema electoral. As fórmulas de reparto proporcional de escaños constitúen en España unha excepción histórica¹¹. Os motivos que levaron a escoller este método ben puideron responder a cuestións de eficiencia, e incluso unha reacción fronte ó pasado, e concretamente fronte ó sistema electoral da II República, maioritario, mais caótico e ineficiente. Como dirán MONTERO, LLERA e TORCAL: *Aínda que se atopa historicamente lonxe dos sistemas electorais que comezaron a funcionar a finais dos setenta, resulta interesante consideralo [o sistema electoral da II República] por dúas razóns: dun lado, era o antecedente histórico máis inmediato do que dispoñían a novas elites políticas da transición democrática; doutro, presentaba connotacións negativas pola súa contribución á creba da República, aparecendo como unha especie de «antimodelo» para as eleccións postfranquistas*¹². Este foi un dos factores importantes: a falta dun modelo de efectivo funcionamento dentro de España. Sumado a isto, pretendíase elaborar unha nova mecánica que dese cabida a unha serie de esixencias: pluralismo político no eido electoral¹³ —máis como expresión de enfrontamento á idea de *partido único* da ditadura que defensa dos dereitos cidadáns—, representación moderada de nacionalismos e partidos minoritarios de ámbito estatal, intento de evitar a polarización do sistema electoral, confianza no bipartidismo, fomento da gobernabilidade, reducido número de parlamentarios, fortalecemento do sistema de partidos¹⁴...

*Os efectos da normativa electoral foron buscados conscientemente polas elites políticas durante o proceso de negociación das «regras do xogo» do novo réxime democrático*¹⁵, e precisamente por iso se leva a cabo unha tarefa de *enxeñería electoral*¹⁶. Sería posible

11 BASSOLS COMA, Martín; p. 29: «El sistema electoral español: balance y perspectivas», pp. 27-60; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

12 MONTERO, Jose R. LLERA, Francisco J. e TORCAL, Mariano; p. 10: «Sistemas electorales en España: una recapitulación», pp. 7-56; en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº 58, 1992. (I. do A.)

13 Artigo 1.1 da Constitución Española.

Vid DEL CASTILLO, Pilar; p. 71: «El sistema electoral: Una revisión de las propuestas de reforma», pp. 71-76; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

14 BASSOLS COMA, *op. cit.* p.41.

15 MONTERO, LLERA, TORCAL; *op. cit.* p. 8

16 En palabras de BASSOLS COMA, *op. cit.* p. 29.

Non son esaxerados os termos: o sistema electoral español é pretendidamente complexo, para ser exactos. Facendo unha comparación entre o sistema español e o británico, Joe FOWERAKER di que o primeiro responde mellor a un esquema de *deseño institucional*, mentres que o último correspóndese máis a unha tarefa de *xardinaxe institucional*. Vid FOWERAKER, Joe; p. 172: «Comparando el sistema electoral español y británico: ¿Tiene sentido la

entender que, superados os primeiros momentos da Transición, incluso os primeiros anos da democracia, o sistema electoral español podería evolucionar cara a outras formas, tal e como, de xeito coetáneo, se desenvolveron os sistemas electorais doutras democracias occidentais, como foron o italiano¹⁷ ou o australiano¹⁸. Pero a Constitución volve a actuar como dique de contención de cara ás novidades: para a elección dos representantes no Congreso dos Deputados haberá que usar dun método de reparto que atenda a criterios de representación proporcional, dacordo ó artigo 68.3 da lei fundamental, aínda que a regra d'HONT sexa proporcional soamente de forma nominal, posto que a maior parte da doutrina considera que os seus efectos correspóndense cos dun sistema de elección maioritario, debido a que a regra d'HONT actúa conforme a parámetros proporcionais só nas circunscricións electorais grandes¹⁹.

A Constitución non é a única culpable de que non se reforme o sistema electoral. Realmente podemos afirmar que a maior parte da clase política, e sobre todo os dous grandes partidos do sistema política español, non teñen a vontade de levar a cabo grandes reformas que impliquen un xiro na situación que a cidadanía desenvolve no ámbito político. O pluralismo político, como valor constitucional, medrou de costas á sociedade, de tal xeito que se traduciu nunha pluralidade de partidos. Isto foi unha consecuencia pretendida do deseño do sistema electoral que supón un límite constitucional no cambio de modelo de sistema de atribución de escaños. Que non se leven cambios neste eido depende da existencia dun pacto sobre as regras básicas do xogo. Un pacto de partidos, dos que só discreparán os partidos pequenos, non beneficiados polo mesmo. Por outra parte os grandes partidos, tanto como os grandes partidos nacionalistas periféricos, ó teren garantido un papel esencial no xogo parlamentario debido ós resultados do deseño do sistema electoral, non precisan de cambios para conservar o seu poder. A democracia

reforma del sistema español?», pp. 165–175 (Trad. ó castelán de ORTEGA VILLODRES. J.); en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

- 17 Vid CACIAGLI, Mario: «Hacia la Segunda República: Los nuevos sistemas electorales de Italia», pp. 147–164; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

En Italia, a constitución non actuou como corsé á hora de cambiar os criterios de asignación de escaños. Vid ALMIRANTE, Carlo; SACCOMANO, Albino: «Sistema electoral y reforma constitucional», pp. 89–128; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.

- 18 En Australia, o sistema electoral para o lexislativo federal é preferencial e en lista aberta para a cámara baixa federal; e preferencial en lista aberta e con sistema de voto único transferible para o senado federal. Vid FERNÁNDEZ CUESTA, Jordi: *El sistema electoral a Austrália: convivència en la complexitat democrática*. Working papers nº 250; Institut de Ciències Polítiques i Socials, Barcelona, 2006.

- 19 Vid BOTELLA, J. p. 93: «El sistema electoral español: fórmula electoral y umbrales de representación», pp. 91100; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

CÁMARA VILLAR, Gregorio; p. 214: «Sobre la proporcionalidad como criterio y límite constitucional del sistema español», pp. 205–217; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

PALLARÉS PORTA, Francesc; p. 65: «Sistema electoral y sistema de partidos», p. 61–83; en PAU i VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

representativa, asistida por un sistema electoral deseñado para unhas concretas fins, derivou nun *modelo de tipo consociacional* [...] *permitindo a formación dunha franxa oligopólica ou «cártel» dominante de partidos provista dunha ampla capacidade configurante sobre a representación*²⁰. Habería que preguntarse, por tanto, ante un sistema que favorece que calquera dos dous grandes partidos teñan as maiores opcións para a gobernabilidade – eficiencia do sistema electoral– e onde os partidos nacionalistas periféricos poden lograr un considerable protagonismo no legislativo central –tanto como para que durante moito tempo, en España, se especulase coa posible entrada no goberno dun ministro da formación *Convergència i Unió*– a quen beneficia o cambio do sistema, e cal é a forza que os interesados poden exercer para que se logre tal cambio.

Despois de implantada e en funcionamento o réxime democrático, ¿cales son os motivos que xustifican seguir mantendo o mesmo modelo electoral? A LOREX foi modificada nada menos que en 17 ocasións polo legislador. A última delas con obxecto de introducir causas de inelexibilidade²¹. Pero en ningunha das reformas se abordou criticamente unha revisión a fondo do sistema, un cambio que lograse actualizar os procedementos ás voces que reclaman a renovación dun sistema deseñado para un fin concreto nun período determinado: implantar a democracia e un sistema de partidos estable e fortalecido²², sen prexudicar a gobernabilidade e repartindo pequenas cotas de poder entre partidos maioritarios en certas circunscricións periféricas. Esa foi a virtude do sistema electoral español.

Pero a súa petrificación, lonxe de supoñer unha especie de estado de conservación das cousas, fixo que os propios partidos políticos fosen medrando, de tal xeito que remataron constituíndose como organizacións monolíticas que monopolizan os poderes do Estado, e fóra dos cales, a participación política faise case imposible. O sistema electoral foi unha das condicións necesarias para que estas masas de poder se convertisen en intermediarios²³ na relación entre representantes –deputados– e representados –ciudadanía–. Os partidos veñen a encher un oco que queda entre electores e elixidos, e que fai que a relación de representatividade entre eles sexa cada vez máis feble²⁴. Isto terá que levarnos ás preguntas de se existe algunha condición actual do sistema político que favoreza o mantemento do

20 PORRAS NADALES, Antonio J. p. 45: «Modelos de representación y formas de gobierno», pp. 43-74; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997. (T. do A.)

21 Lei orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, de *modificación da Lei orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral*. B.O.E nº 25, de 29 de xaneiro do 2011.

22 BASSOLS COMA, *op. cit.* p. 41.

23 Vid SEJAS VILLADANGOS, Esther; pp. 120-121: «Mutación de los resultados del sistema electoral: la práctica del transfuguismo político», pp. 119-145; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

24 Vid ESPÍN TEMPLADO, Eduardo; p. 31: «Una reflexión sobre la representación política y los sistemas electorales en las democracias constitucionales», pp. 27-41; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.

sistema electoral; quen son os verdadeiros representantes²⁵ e os representados²⁶; e cal é o contido formal do mandato representativo²⁷.

O parlamentarismo é a condición que permite subsistir ó actual sistema electoral con aparente boa saúde —sen que isto implique a bondade do mesmo—. As eleccións ó lexislativo terán, polo tanto, unha función principal e outra subsidiaria. A principal é designar ós representantes da cidadanía nas cámaras do parlamento e conformar un colexio que leve a cabo as funcións que constitucionalmente ten asignadas. Pero existe unha elección subsidiaria: a do propio poder executivo, e principalmente a do seu presidente, ou primeiro ministro. Esta última elección é a que cobrou relevancia no sistema político e electoral español, de tal xeito que a maioría do electorado ten presente a idea de que o seu voto é para unha persoa en concreto, que aspira á presidencia do goberno, aínda que na papeleta de voto non se conteña ningunha referencia a ese candidato, senón a unha lista fechada e completa de candidatos que pretende ser o elenco dos representantes da circunscrición electoral por un concreto partido político. Para que esa función subsidiaria, transformada en principal, sexa efectiva con facilidade, precísanse de estruturas verticais coherentes —os partidos— e subordinadas ós intereses dunha serie de elites. As organizacións políticas necesitan estender as súas raíces por un substrato adecuado —os votantes— sen que existan impedimentos que corten nalgún punto a continuidade e a interdependencia directa entre todos os membros do conxunto da estrutura. Aquí é onde xoga un papel importante o sistema electoral.

Tradicionalmente, a doutrina considerou que un sistema maioritario de atribución de escaños fomenta a gobernabilidade²⁸; mais, se ben nunha primeira aproximación podemos entender que un sistema de listas bloqueadas e reparto proporcional dos escaños produce unha fragmentación do arco político representado no Parlamento, ó introducírense certos mecanismos de condicionamento da proporcionalidade —como barreiras electorais

25 *Vid* ESPIN TEMPLADO, *op. cit.* p. 33: *sinálase que os electores xa non escollen candidatos, senón siglas de partidos, co que a relación de representatividade produciríase xa con estes, non con aqueles. Pero non só isto é así, senón que o propio proceso electoral está configurado para potenciar o protagonismo dos partidos.* (T. do A.)

26 *¿Que se representa por medio da representación parlamentaria? Non é doado de responder. Os deputados deberían reflectir os intereses, desexos e preferencias dos seus votantes, aínda que na práctica os que reflectan sexan os dos seus partidos ou, aínda peor, das elites internas dos seus partidos.* (T. do A.) PEREIRA MENAUT, Antonio-Carlos; p. 181: *Lecciones de Teoría Constitucional*; Colex, Madrid, 2010.

27 Hai que considerar o que se di en VELASCO, *op. cit.* p. 40: *E hai que dar un paso máis alá da democracia representativa. ¿Por que non se pode botar do cargo a un político que está incumprindo as súas promesas, que goberna mal ou que incurriu en actos ilegítimos e incompatibles coa dignidade do seu cargo de representante da soberanía popular?* (T. do A.) Esta pasaxe que expresa a reclamación dos *Indignados*, é indicativa dunha pretensión de representatividade baixo o mandato imperativo. Cfr. con PEREIRA MENAUT, *op. cit.* p. 180 e ss.

28 Neste sentido, *vid*: VALLÉS, Josep M. p. 86: «El número de representantes y la dimensión de las circunscripciones», pp. 77-90; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

DEL CASTILLO, *op. cit.* p. 73.

PALLARÉS PORTA, *op. cit.* p. 68.

MONTERO, José Ramón; p. 49: «Sobre el sistema electoral español: rendimientos políticos criterios de reforma», pp. 37-70; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

de porcentaxes mínimas de votos válidos—, a existencia de pequenas circunscricións —o que causa desproporcionalidade matemática—, o bipartidismo dialéctico entre partido do goberno partido da oposición ou a consagración dos efectos psicolóxicos do sistema —o famoso *voto de castigo*— fan que os efectos finais do sistema se aproximen demasiado ós dun sistema electoral maioritario²⁹, con tódolos efectos perniciosos que iso pode ter, e evitando, tamén, a meirande parte das vantaxes do modelo proporcional.

O parlamentarismo español revestiu, na práctica, de presidencialismo sen unha efectiva separación de poderes, nin os mecanismos de *checks and balances* do modelo norteamericano, non podendo afirmar que, no caso español, exista un control real do lexislativo sobre o executivo, e antes ben *a súa subordinación ó executivo resta dimensión representativa ó grupo de parlamentarios que sosteñen ó Goberno. Máis parecen mandatarios do executivo fronte á oposición que do pobo fronte ó executivo*³⁰. Con esta premisa, imaxinemos un Goberno sostido por unha maioría absoluta dun partido, ou dunha coalición estable de partidos. As formas proporcionais de reparto de escanos serían ideais, sempre que fosen funcionais, actuasen en circunscricións de suficiente tamaño e con suficientes representantes para lograr unha proporcionalidade matemática real, e a forma de goberno respondese a un verdadeiro parlamentarismo. Así moitos autores chegarán a relacionar os métodos electivos proporcionais co parlamentarismo e os sistemas maioritarios co presidencialismo³¹; obviando, desta maneira, que o país cun parlamentarismo máis xenuíno, usou e aínda usa un sistema maioritario: Inglaterra³².

Por tanto temos como condicionante un parlamentarismo cada vez máis feble, debido á existencia dun forte partidismo —bipartidismo?— e dunha prevalencia notoria do executivo, unido a unha crenza doutrinal, común, política e práctica, sobre a boa adecuación do parlamentarismo ó sistema de reparto de escanos proporcional.

A concreta definición de quen son os representantes e a quen representan ten que levarnos a pensar cal é o papel que corresponde a cada actor político. Entendamos que o primeiro actor político como tal é o individuo, considerado *ζο ν πολιτικον*³³, e sabendo que é dereito propio e inalienable del ter un papel activo na sociedade á que pertence. Nas democracias actuais, representativas, este papel político canalízase a través de órganos consagrados constitucionalmente: os parlamentos, orixinados durante o medievo para frear o poder real. Polo tanto poderíamos concluír con bastante tino que existe unha relación entre representado e representante, ou entre elector e elixido. Debería de ser así, pero coa introdución dos partidos políticos e o concepto teórico do mandato representativo,

29 MONTERO, LLERA, TORCAL; *op. cit.* p. 32.

30 PEREIRA MENAUT, Antonio-Carlos; p. 121: *Derecho Constitucional Español*, Tórculo, Santiago de Compostela, 2006. (T. do A.)

31 Vid PORRAS NADALES, *op. cit.* p. 57.

32 Vid FOWERAKER, *op. cit.*

Vid PEREIRA MENAUT, Antonio-Carlos, pp. 117 e ss. *El ejemplo constitucional de Inglaterra*; Servicio de publicaciones de la Facultad de Derecho, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1992.

33 ARISTÓTELES, *Política*, 1253a.

desvirtúase a relación. Que a prohibición do mandato imperativo ós representantes —algo bo, pois permite que os parlamentos sexan órganos deliberativos, e non unicamente salas onde hai interlocución de embaixadores— fose o xustificante para desvincularlos do seu electorado, e encadealos solidamente ó partido, supón unha entrada e cambio de suxeito na relación representativa.

A prescrición, no artigo 1.1 da Constitución, do pluralismo político como un dos valores orientadores do sistema político español non tivo como beneficiada directa á cidadanía, senón que foi entendido como un principio informador de toda a estrutura social e política do país, dando lugar a que o partidismo se lograse estender por calquera ámbito, incluso naqueles nos que debería estar vetado —xudicatura, universidade...—de tal forma que a opinión cidadá e a participación quedan xunguidas ós mecanismos do poder político encarnados polos partidos. Deste xeito, con tales intermediarios, a participación directa das persoas convértese nunha función de aval ás entidades partidistas, sobre todo na representación parlamentaria, e unha vez constituída esta, en calquera outro órgano do Estado no que o parlamento teña algunha voz. Ademais diso, ese aval confórmase «despersonalizadamente», como case unha efusión volátil derivada da vontade da masa popular³⁴, que certo día vota a outras persoas, entendendo que vota «a un presidente». PORRAS NADALES dirá: *A gran capacidade condicionante dos partidos sobre o circuito representativo operou así un efecto social e político de «unidimensionalización» do sistema*³⁵. A isto poderíamos engadir que tamén allearon o sistema político de mans da sociedade para entregalo a si mesmos.

Como xa se dixo, que os partidos políticos entrasen no xogo democrático como interlocutores esenciais para o funcionamento do sistema, supón unha alteración fundamental na concepción da representación. Porque, quen representa a quen? Os deputados ós seus partidos? Os partidos ó goberno de turno? Os deputados ós seus votantes? PEREIRA MENAUT di: *o deputado adquire tal compromiso co partido que lle quedan só dúas opcións: ou a obediencia, ou a retirada da política*³⁶. A actuación dos parlamentos xustifícase actualmente polo número de votantes. Tal e como se configura agora mesmo o sistema, a existencia dunha masa de votos funciona como aval. Os partidos, atendendo á maior cantidade de votos, actúan, elevando ó goberno a un ou outro candidato. Foi un exemplo claro disto último a reforma Constitucional operada polos dous grandes partidos de ámbito nacional en Setembro do 2011³⁷, para fixar un límite de débeda pública: incluso ante o temor da rebelión dun considerable número de deputados do PSOE, a dirección do partido chamou á orde. O Parlamento, naquel momento, chegou a ser prescindible, por existir un acordo entre os xefes de partido, Mariano RAJOY e José Luis RODRÍGUEZ ZAPATERO. Nin sequera se logrou promover un referendo que outorgase certa pátina de lexitimidade popular á reforma. Esgrimíanse argumentos de *avais democráticos* expresados mediante a

34 Vid PEREIRA MENAUT, p. 113. *Derecho Constitucional Español*.

35 Vid PORRAS NADALES, *op. cit.* p. 45. (T. do A.)

36 PEREIRA MENAUT, p. 125, *Derecho Constitucional Español*. (T. do A.)

37 Reforma do artigo 135 da Constitución Española, de 27 de setembro de 2011. B.O.E. nº 233, de 27 de setembro de 2011.

porcentaxe de votantes sobre o total do censo electoral. A poucos extrañou, e poucas foron as voces discrepantes. Considerouse natural e lexítima a modificación constitucional sen intervención da cidadanía, e por parte dos dous grandes partidos. Que isto se atope tan inserido na mentalidade cívica, é a causa, por exemplo, de que do transfuguismo se fixese anatema en calquera caso, esquecendo que, por exemplo, CHURCHILL, cambiou de partido en varias ocasións³⁸ —hai que lembrar que, tamén, os dous grandes partidos de ámbito nacional, asinaron un pacto antitransfuguismo. Traizoar ós principios de cada quen é menos malo que traizoar os principios ou a actuación imposta polo partido—. Por tanto, o partido é figura sacra no panorama político.

Corresponde agora botar unha ollada sobre o contido máis básico do mandato representativo no eido político. Na orixe dos parlamentos, estes eran colexios con unha clara función, onde as vilas estaban representadas e convocados cunha finalidade específica. O parlamento que desfrutou dun réxime máis estable no tocante á súa permanencia temporal e institucional foi o inglés. Co xurdimento das democracias, os parlamentos pasan a ser órganos estables do sistema político, onde esa primeira tarefa representativa se unía á lexislativa, polo tanto, cargada con un novo contido deliberativo. Se temos isto en conta, parece que un mantado previo e vinculante coartaría a función dos representantes e a tarefa conxunta do colexio parlamentario. E no real, sería case imposible sacar adiante ningunha iniciativa lexislativa. Así, a teoría do mandato representativo porá, por unha banda, unha serie de facultades ó servizo do parlamentario para o desenvolvemento da súa encomenda, e a primeira desas facultades é a liberdade de actuación para poder decidir, sen ningún tipo de indicacións a seguir. Asimesmo terá unha serie de inmunidades, e unha delas debería ser a seguridade de posuír un prazo de tempo razoable para o desempeño da súa función parlamentaria, tanto lexislativa como representativa —o que se coñece como lexislatura—. Pola outra parte, o mesmo representante é directamente responsable politicamente perante a súa circunscrición electoral, que pode revocar o mandato representativo³⁹. Se postulamos que o representante ten unha liberdade de actuación, suponse que tampouco pode existir ningún tipo de alienación, nin nas mans dos seus representados nin en ningunha outra entidade. Con ese obxecto se establece no artigo 67.2 que *os membros das Cortes Xerais non estarán ligados por mandato imperativo*. Pero como di PEREIRA MENAUT: *se non estamos nun mundo de ciencia ficción, hai que entender que non se toman esas precaucións contra o electorado, cuxa posibilidade real de impor a súa vontade é ilusoria, senón contra os partidos*⁴⁰.

Por tanto, o mandato representativo téñ un contido esencial de *liberdade/responsabilidade* do representante: a liberdade de actuación como ferramenta básica para a tarefa lexislativa e de representación. Esa liberdade opera en tódolos sentidos e é

38 Vid SEIJAS VILLADANGOS, *op. cit.* p. 119

39 Segundo SIEYÉS o mandato representativo non supón a alienación do representado en mans do seu representante. Vid SIEYÉS, Emmanuel-Joseph, p. 51: «Ideas sobre los medios de actuación de que podrán disponer los representantes de Francia en 1789»; en MAÍZ, Ramón (Ed. e trad.): *El tercer estado y otros escritos de 1789*, Espasa-Calpe, Madrid, 1991.

40 PEREIRA MENAUT, p. 186: *Lecciones de Teoría Constitucional*. (T. do A.)

protexida constitucionalmente. A responsabilidade é política e perante o electorado, dacordo ó desempeño das súas tarefas. Non obstante, a constatación da realidade fai que caíamos na conta de que, efectivamente, os representantes obedecen. Pero ou non obedecen ós seus representados —de dereito—, ou é que os representados son outros.

III. DISCRIMINACIÓN DE DOUS CONCEPTOS BÁSICOS: PROPORCIONALIDADE E REPRESENTATIVIDADE

Habitualmente, adóitase emparellar estes dous conceptos como se fosen as dúas caras dunha mesma moeda, considerando que non pode existir a representatividade no eido electoral, sempre e cando os resultados finais das eleccións non sexan proporcionais ós votos emitidos polos electores. Pero o pretensión central deste estudo é a desvinculación dos conceptos e indicar cal é, ó criterio do autor, o factor que debería ter máis peso no deseño do sistema electoral.

1. Proporcionalidade

Como xa se dixo máis arriba, a Constitución Española, no seu artigo 63.3, determina que os deputados resultarán elixidos despois dun reparto de escanos efectuado mediante *criterios proporcionais*. Esta inclusión do criterio responde, segundo o Tribunal Constitucional a que o *artigo 1.1 da Constitución Española, representa o pluralismo [político] —e a súa expresión [...] no criterio de proporcionalidade— coa pretensión de efectividade na organización e actuación dos poderes públicos*⁴¹ tratando de evitar a atomización da representación política. Segundo CÁMARA VILLAR, disto podemos inferir que existe unha *constitucionalización do principio de representación* xa que *é un aspecto básico e nuclear do sistema electoral, expresión do valor superior do pluralismo político e primeiro nivel na instrumentación da expresión da soberanía popular*. Configúrase como *un principio de representación proporcional que [...] incorpora o obxectivo implícito de asegurar a cada forza política relevante unha representación tendencialmente axustada á súa importancia real dentro do marco do deseño constitucional do órgano representativo*⁴². Deberíamos preguntarnos se este principio do pluralismo político se estende a outros órganos constitucionais. Veremos que si: para o Senado o voto exerceuse en listas abertas e incompletas, de modo que ningún partido pode cubrir cos seus senadores a totalidade de representantes da circunscrición concreta para a cámara baixa. Hai que considerar tamén que se ben o principio de representación proporcional está constitucionalizado, estao para o Congreso dos Deputados e as asembleas legislativas das comunidades autónomas⁴³. Para as entidades locais será a LOREX quen estableza o réxime electoral⁴⁴.

41 Fundamento Xurídico 5º, Sentencia do Tribunal Constitucional 75/1985. (T. do A.)

42 CÁMARA VILLAR, *op. cit.* p. 210. (T. do A.)

43 Artigo 152.1 da Constitución Española.

44 Para os tódolos concellos de máis de 250 habitantes, a regra é a da proporcionalidade —Art. 180 LOREX—. Para as deputacións provinciais efectúase unha división da provincia en circunscricións que se corresponden cos

O pretendido cun sistema proporcional é fundar unha representación baseada nas semellanzas ou na proximidade ideolóxica entre representadorepresentante⁴⁵. A proporcionalidade búscase ó intentar reflectir nun colectivo reducido —o Congreso dos Deputados— o abano ideolóxicopolítico da sociedade española. Sobre esta intencionalidade aplicáronse unha serie de parámetros correctores que modifican substancialmente a imaxe parlamentaria que busca ser a representación, como se fose unha *cartografía política*, de España.

O constituínte non deixou pasar por alto a regulación esencial do marco no que opera o principio de proporcionalidade nas eleccións ó Congreso dos Deputados. Circunscricións, número de deputados mínimo por circunscrición, número total de deputados na cámara⁴⁶... Así a Constitución introduce un elemento de distorsión na proporcionalidade —CÁMARA VILLAR dirá que é na representación— encamiñado a que esta última non sexa real, e se implanten os mecanismos precisos por parte do lexislador orgánico para evitar unha excesiva fragmentación da cámara e permitir, de tal xeito, a efectividade do goberno e facilitar se non a formación de maiorías parlamentarias monocolor do partido favorecido nas eleccións, polo menos de alianzas mínimas para conseguir maiorías de goberno. O lexislador orgánico, ademais de determinar o uso da fórmula d'HONT para a asignación de escaños, estableceu unha barreira electoral dun 3% de votos válidos para coartar, de tal maneira, o acceso dos partidos máis pequenos ó Congreso. Con estas dúas medidas a proporcionalidade queda, dende o principio, colocada nunha situación comprometida, posto que, como dirá VALLÉS *nas cinco escalas que presenta LIPJHART (1985) dacordo a diferentes índices de proporcionalidade, chama a atención da posción do sistema que regula a elección do noso Congreso dos Deputados, posto que en todas elas se atopa situado a carón de —ou incluso entre— os sistemas cualificados como maioritarios e a unha distancia considerable da maioría dos demais sistemas proporcionais*⁴⁷.

O sistema ideado polo lexislador non logrou cumprir fielmente coas tarefas ideais que se lle puidesen ter asignado, no que atinxe á representación. Dende logo que se enxerga doadamente, por calquera profano na materia, que o modelo electoral existente si desempeñou unha función determinante na configuración dun sistema político estable e na

partidos xudiciais, para despois, segundo os votos que cada partido político obtivo en cada partido xudicial, asignar proporcionalmente o número de deputados provinciais por circunscrición e partido político —art. 205.3 LOREX—. Para os cabildos insulares procédese do mesmo modo que se cada illa fose un concello e se elixisen concelleiros —art. 201.3 LOREX—. Úsase a regra d'HONT en tódolos casos. Para os concellos de entre 100 e 250 habitantes úsase un método parecido ó do Senado: sistema maioritario de asignación de escaños, votándose en listas abertas incompletas. Haberá 5 concelleiros, podendo elixir cada veciño a 4, soamente —art. 184 LOREX—. Os concellos de menos de 100 habitantes funcionan en réxime de concello aberto, e as decisións tómanse por maioría dos veciños en asemblea. Asegúrase, deste xeito, o respecto do principio constitucional do pluralismo político.

45 Vid VALLÉS, Josep María, p. 15: «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política», pp. 7-28; en *Revista de Estudios Políticos*, nº 33, setembro-outubro, 1986.

46 Vid CÁMARA VILLAR, *op. cit.* p 210.

47 VALLÉS, p. 12: «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política» (T. do A.)

conformación dunha concepción determinada, por parte da cidadanía, acerca das eleccións e a súa relación coa política, como se pode desprender da existencia de *efectos psicolóxicos*⁴⁸ no sistema electoral. Haberá quen considere que o sistema electoral responde exitosamente a tódolos retos que se lle plantexan, así Javier TORRES VELA⁴⁹ afirma:

Toda proposta de reforma [...] responde sempre á consecución de obxectivos que se consideran inalcanzados na situación de partida. E se compete ós sistemas electorais [...] asegurar a solidez e duración dos gobernos, facilitando a alternancia no goberno das diferentes opcións políticas, mellorando ó mesmo tempo a expresión do pluralismo político, asegurando a igual repercusión da decisión electoral de cada cidadán e mellorando, en fin, as competencias e adicación dos elixidos, entón paréceme que o noso sistema electoral cumpriu e cumpre na actualidade razoablemente tales acometidos. Con independencia do seu perfeccionamento, ningún sistema electoral por si só ten propiedades taumátúricas, pois os problemas que a nosa sociedade ten plantexados non son substancialmente distintos ós existentes en sistemas políticos e constitucionais con modelos electorais diferentes.

A boa consideración do sistema, non obstante, non está moi extendida. En primeiro lugar porque con pouco esforzo podemos atopar estudos que realizan críticas importantes, e propoñen interesantes melloras ó método electoral español. En segundo lugar porque dende varios sectores sociais lograron escoitarse as voces que non cesaron de reclamar cambios nesta materia. ¿Cales son os principais problemas que albiscamos no eido da proporcionalidade?

A primeira das dificultades que podemos resaltar é a a cualificada como *desigualdade* ou *diferencia do valor do voto* entre cada circunscrición⁵⁰. Debido ó mandato constitucional de existencia dun número mínimo de dous representantes en cada circunscrición electoral para o Congreso dos Deputados, *os distritos con menor poboación resultan sobrerepresentados, dando lugar a un prorrateo territorial sumamente desviado e a un considerable desaxuste na relación de votosescaños para a maioría dos partidos*⁵¹, de tal xeito que as provincias máis despoboadas parten dunha situación de prevalencia representativa no Congreso, polo que un partido político, para obter un representante por esa circunscrición precisaría dun número menor de votos que se ese mesmo representante fose obtido nunha gran circunscrición.

Este problemática deriva da confluencia de tres factores que se teñen por esenciais no sistema político, e resultan excluíntes entre si. A existencia da desigualdade resulta ser a manifestación da combinación dos factores, polo que para resolvela só habería que non aplicar algún deles. Estes son: a institucionalización do principio constitucional do pluralismo

48 Vid LAGO PEÑAS, Ignacio e Santiago: «El sistema electoral español: una cuantificación de sus efectos "mecánico" y "psicológico"», pp. 225-250; en *Revista de Estudios Políticos*, nº 107, xaneiro-marzo 2000.

49 TORRES VELA, Javier; p. 17: «Discurso del Presidente del Parlamento de Andalucía con motivo de la inauguración de las jornadas "1977-1996: el Sistema Electoral a Debate"» pp. 15-19; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. *Centro de Investigaciones Sociológicas* e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998. (T. do A.)

50 Motivo de desproporcionalidade segundo os *Indignados*, e contra o que protestaron e reclamaron cambios. Vid VELASCO, p. 37.

51 MONTERO, p. 39: «Sobre el Sistema electoral español: rendimientos políticos y criterios de reforma» (T. do A.)

político —entendido segundo o exposto con anterioridade—, a petrificación constitucional da distribución territorial actual da representación da cidadanía —isto é, a existencia da provincia como circunscrición electoral consagrada na lei fundamental— e a pretensión de que mediante as eleccións se logre un mapa da preferencia política o máis axustado posible á realidade cidadá.

A resolución da problemática non é sinxela. A institucionalización do principio constitucional do pluralismo político, que debe empapar tódalas institucións do Estado, fai que tal principio se aparte da cidadanía e se aproxime ós partidos xustificando a existencia finalística da agrupación política, xa que este tipo de pluralismo se configura xurisprudencialmente como unha prescrición *orgánicopartitocrática*, tal principio, como unha prescrición orgánicopartitocrática —non esquezamos que do que se trata é de evitar a disgregación na representación—. Non abundaría aquí con modificar a Constitución, suprimindo algo que é realmente esencial, senón que se fai preciso cambiar o criterio xurisprudencial. No tocante ó segundo dos factores imprescindible a reforma constitucional e un novo acordo sobre o fundamental. E cando os dous grandes partidos do noso panorama político están conformes co actual sistema, semella complicado lograr un cambio na carta magna. As reformas deberían ser tendentes á agrupación de circunscricións electorais pequenas, para constituír circunscricións meirandes onde a proporcionalidade puidera operar de forma máis efectiva⁵². Ou podería pasar pola diminución do número mínimo de deputados por circunscrición electoral —co que se vulneraría o principio do pluralismo político—. MONTERO proporá varias solucións. A primeira *unha revisión electoral con un contido cifrado na restauración do principio de proporcionalidade electoral, e iso na súa dobre expresión territorial e partidista [...] o que conlevaría, dende o punto de vista territorial, á revisión do prorrateo electoral, é dicir, o mecanismo de distribución dos escaños por circunscricións. A asignación dun escaño como mínimo a cada circunscrición provincial e a ampliación do Congreso ós 400 deputados previstos como máximo na constitución*⁵³. DEL CASTILLO critica abertamente esta solución⁵⁴, por entender que a mellora na proporcionalidade é irrelevante, e acaso se dificultará a gobernabilidade.

Outra proposta, se ben realizada dende unha óptica pouco realista dende un punto de vista interno, consiste na creación dunha única circunscrición electoral da totalidade do Estado. Realmente isto sería a solución para lograr que tódolos votos valesen o mesmo. Na actualidade algúns partidos minoritarios⁵⁵ entenden que a solución á desproporcionalidade

52 Vid PALLARÉS PORTA, *op.cit.* p. 65: *Un sistema proporcional, pola súa parte, precisa circunscricións plurinominais, e canto meirandes mellor (polo menos 810 escaños) para poder distribuír os escaños entre as diversas opcións de forma realmente proporcional segundo o seu nivel de voto. O voto debe ser de lista e pode existir ou non barreira.* (T. do A)

53 *Ibid.* p. 49: «Sobre el Sistema electoral español: rendimientos políticos y criterios de reforma» (T. do A.)

54 DEL CASTILLO, *op. cit.* p. 74

55 *Unión Progreso y Democracia*. De feito, a fundadora e ideóloga do partido, Rosa Díez, chegou a rexistrar en abril do 2008, unha proposición de Lei que modificase a LOREX, co obxecto ampliar o número de parlamentarios a 398, e a creación de dous rangos de circunscricións electorais para as eleccións xerais: as autonomías —que entre todas elegerían a 198 deputados— e unha única circunscrición nacional —pola que serían eleixidos ¡200 deputados!—.

que padecen —cun elevado número de votos no conxunto do Estado, e poucos representantes parlamentarios—, pasa pola existencia dun modelo electoral similar ó das eleccións europeas. Os problemas que plantexa esta proposta veñen determinados pola inabarcabilidade e a inmensidade da circunscrición como tal, que faría aínda máis complicado o acceso da cidadanía ós parlamentarios e despersonalizaría en gran medida a representación, dando maior poder ós partidos e preterindo ó electorado. Dificultades engadidas —aínda que excluíntes— por unha parte serían a *recentralización* do sistema electoral, e por outra certo risco de creación de candidaturas puramente *nacionalistas*, tanto periféricas como centralistas, que causasen tensións innecesarias sobre o sistema político. Imaxinemos un partido *madrileñista*, con unha masa de electorado potencial moi superior ó que podería ter un partido *zamoranista* —comparemos os censos electorais—. Neste sentido, a igualdade extrema funcionaría coma un pisón que impediría que outras opcións tivesen unha mínima oportunidade de chegar á representación política a nivel nacional. Intentar introducir sobre as circunscricións provinciais unha segunda circunscrición nacional, na que se elixise un número determinado de deputados, podería ser unha medida óptima, pero as vantaxes serían mínimas: escasamente se melloraría a proporcionalidade, a representatividade da cidadanía estaría cuestionada igualmente —estamos a falar de representantes non dunha circunscrición, senón de todo o estado—, e sería un medio para dar maior poder ós partidos políticos⁵⁶.

O segundo dos problemas que podemos atopar no concerninte á proporcionalidade, é o inoperativo do sistema electoral español para acadala. Outras solucións enunciadas por MONTERO terán como obxecto a pretensión de maior proporcionalidade matemática. A máis notoria será a proposta de supresión da provincia como circunscrición electoral, establecendo dous niveis territoriais para a atribución de escanos, de forma similar ó sistema alemán⁵⁷. No modelo xermano coexisten unha circunscrición por *land* con circunscricións uninominais menores. Nas primeiras exercece o voto en lista fechada e completa, nomeada unicamente pola denominación do partido na papeleta electoral; nas segundas o elector vota directamente a un candidato, con un sistema de atribución de escanos de criterio maioritario. Desta forma, o elector ten dous votos⁵⁸. Os resultados obtidos con este sistema,

56 Non obstante, se as circunstancias fosen outras, podería ser unha boa idea. Actualmente, no Parlamento Europeo, atópase a debate a primeira gran modificación política dos Tratados fundamentais da Unión Europea: a introducción dunha circunscrición electoral única de rango europeo, de tal xeito que os electores terían dous votos: un para a lista do seu país —que é a circunscrición elemental neste eido— e outro, en lista fechada e completa, de partido e dimensión europea composta por candidatos de polo menos tres estados distintos da Unión; para elixir ata 25 representantes adicionais, a nivel *paneuropeo*. A finalidade é a de activar o desenvolvemento dos partidos políticos e a participación política do cidadán na esfera europea. Non é preciso remarcar a falta de representatividade desa segunda circunscrición.

Vid <http://www.europarl.europa.eu/es/headlines/content/20110415ST017908/html/>

Lareformaelectoraleuropeagranpasohaciaunademocraciaeuropeaunida (Consultado o 29 de setembro do 2011)

57 MONTERO, p. 49: «Sobre el Sistema electoral español: rendimientos políticos y criterios de reforma»

58 Un exemplo gráfico moi ilustrativo atopámolo en PEREIRA MENAUT, Antonio-Carlos, p. 89: *Sistema Político y Constitucional de Alemania. Una Introducción*. Edición de Fernando MARTÍNEZ ARRIBAS. Tórculo, Santiago, 2003.

denominado mixto –ou máis exactamente *de representación proporcional personalizada*⁵⁹–, son absolutamente proporcionais⁶⁰, combinando as vantaxes da representación política ou de partido⁶¹, coa representación directa ó elixirse unha proporción de deputados do *Bundestag* a través do sistema maioritario.

Outra interesante solución á falta de proporcionalidade, e respectando a *gobernabilidade*, facilitando, inclusive, a mesma ó partido vencedor, é a proposta por RAMÍREZ, PÉREZ GÓMEZ e MÁRQUEZ⁶². Trátase dun interesante deseño dun sistema electoral que funciona con un número variable de deputados –sempre respectando a prescrición constitucional–, efectuando unha triple asignación de escaños. Na primeira delas distribúense os 350 deputados polo método actual. Ata 20 deputados, na segunda asignación, distribuiranse mediante a fórmula d'HONT, para corrixir as posibles desproporcionalidades, e isto nunha única circunscrición a nivel estatal, mantendo a barreira electoral do 3% dos votos válidos emitidos para os partidos residuais nese proceso electoral⁶³. Finalmente unha terceira atribución de ata 30 deputados como máximo, farase ó partido vencedor, para *garantir lle, ó menos, as mesmas posibilidades para acadar a maioría absoluta que lle da o sistema electoral actual*⁶⁴.

Coas solucións propostas, ademais de enfrontarse coa Constitución directamente, ou non resolveríamos o problema da diferenza de valor e a desigualdade entre os votos emitidos en cada circunscrición, ou a proporcionalidade sería a finalidade do proceso electoral, ou teríamos un sistema moi proporcional e moi igualitario no valor do voto, pero totalmente alleo á cidadanía, debido á distancia –xeográfica, incluso– entre electorelixido.

2. Representatividade

Cando xurdiron as protestas dos *Indignados*, lanzaron unha clara consigna á sociedade e á clase política: *non nos representan*⁶⁵. Esta representación da que falaba este colectivo era un modo de dicir: *a clase política non é un reflexo da cidadanía que os elixiu*. Ó falar na actualidade de *democracia*, o valor representatividade vai implícito na palabra. Isto é así porque coa complexidade da sociedade, e precisamente por seren as comunidades, cada vez, meirandes, participar en tódolos procedementos de toma de decisión é imposible na práctica⁶⁶.

59 NOHLEN, Dieter; p. 130: «El sistema electoral alemán. Un estudio comparativo», pp. 129-145; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. *Centro de Investigaciones Sociológicas* e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

60 *Ibid.* p. 130. MONTERO, p. 60: «Sobre el Sistema electoral español: rendimientos políticos y criterios de reforma»

61 MONTERO, p. 60: «Sobre el Sistema electoral español: rendimientos políticos y criterios de reforma»

62 RAMÍREZ, V. PÉREZ GÓMEZ, R. MÁRQUEZ, M.L.: «Proporcionalidad y bonificación al partido vencedor» pp. 101-125; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. *Centro de Investigaciones Sociológicas* e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.

63 RAMÍREZ, PÉREZ GÓMEZ, MÁRQUEZ; *op. cit.* p. 118.

64 *Ibid.* p. 115.

65 Tanta importancia cobrou esta oración, que se convertiu no título da obra de VELASCO onde se recollen as súas esixencias.

66 Hai autores que propoñen aproveitar a evolución que experimentaron as novas tecnoloxías para usalas en procedementos de participación, electorais ou plebiscitarios, de tal xeito que a democracia fose cada vez máis

Por iso non cabe imaxinar, para o conxunto dunha comunidade política de envergadura, outra forma que a *democracia representativa*. Representar quere dicir *facer presente*⁶⁷, de tal forma que os elixidos teñen a obriga de *actuar en nome dos seus electores*, e así *actúen en nome e interese, destes últimos, fronte a terceiros, con capacidade para comprometer*⁶⁸. Precisamente esa foi a orixinal tarefa dos parlamentos, sobre as cales, segundo a súa evolución, foron incorporándose outras funcións, como a lexislativa, a deliberativa e incluso certas funcións cuasixudiciais. Xa tratamos para asegurar o desenvolvemento solvente de novas funcións, foi necesario que se aumentasen as facultades ós representantes.

Como BRONFMAN propón, podemos entender a representatividade como unha tarefa que ten múltiples caras, e ó abarcar o seu estudio caben distintos puntos de vista⁶⁹. VALLÉS dirá que todo tipo de representación pode quedar subsumido en dúas categorías esenciais: un tipo *fundado no feito de que representado e representante compartan características comúns que os colocan en termos de semellanza*⁷⁰ —que el denomina *representaciónsemellanza*—; e outra *relación representadorepresentante expresada no mandato para a acción que o representante recibe do representado*⁷¹ —á que chama *representaciónacción*—. Que exista unha coincidencia ideolóxicopolítica entre o representado e o representante, e en virtude destas ideas actúe o mandatario fai que a representación exista. Mais non é unha forma que faga presente ó elector nas decisións e, en definitiva, no eido público, posto que só se centra nun concreto aspecto: a ideoloxía política, entendida esta dende un punto de vista xeral. Precisamente é este modelo de representación o que fai posible a existencia, entre o cidadán e o deputado, de terceiros que poden levar a cabo a tarefa dende unha mellor posición. A figura do partido político pode exercer dunha forma máis perfecta a representación ideolóxica da cidadanía. Isto é así posto que se configura como unha entidade que xurde coa finalidade da defensa de certas ideas políticas, e que busca aglutinar persoas, precisamente usando como vínculo eses postulados políticos xerais. Para o exercicio deste tipo de representación é necesario

directa e menos representativa. Isto constituíu unha reivindicación dos *Indignados* (vid VELASCO, op. cit. p. 37), e incluso hai autores que defenden o uso da informática e a *internet* como medio válido para a participación democrática: vid PAU I VALL, Francesc e SÁNCHEZ I PICANYOL, Jordi: «Democracia y nuevas tecnologías», pp. 425-444; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

Neste campo, non obstante, sufriuse un duro golpe coa sentenza do Tribunal Constitucional Federal Alemán 2BvC 3/07, de 3 de marzo do 2009, sobre o voto electrónico. En tal sentenza declárase contrario á Lei Fundamental o uso de computadoras de votación, nas que se almacenan os datos informáticos referidos ós votos, por considerar que se contravén o principio de transparencia e publicidade, en tanto non existe ningún medio ó alcance de todo o electorado, que permita garantir cal é o itinerario da información e ordes que se introducen na pantalla da máquina, ata que a computadora emite un recuento de votos en papel.

67 PEREIRA MËNAUT, p. 181: *Lecciones de Teoría Constitucional*.

68 *Ibid.*

69 BRONFMAN, Alan; p. 284: «La representatividad del sistema parlamentario gallego. Consideraciones en torno al régimen electoral», pp. 283-307; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

70 VALLÉS, p. 15: «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política» (T. do A.)

71 *Ibid.*

que o sistema electoral sexa o máis proporcional posible, xa que de tal forma, no abano parlamentario conteríanse un maior número de tendencias ideolóxicas, minimizándose a parte de poboación que quedaría sen representación. Así, VALLÉS dirá que *os sistemas políticos inspirados na representación semellanza acudirán xeralmente a técnicas coñecidas como proporcionalistas: igualdade no valor do voto e composición de maiorías «naturais»*⁷².

Resulta evidente que nun sistema político no cal, dende o seu nacemento, a relación directa entre o elector e o elixido está en crise; e no que o modelo de representación pretende ser de reparto proporcional dos escanos, a cidadanía asumiu que *vota ós seus representantes basicamente en función do partido ó que pertencen e agardan dos mesmos que se adecuen e cumpran o programa con que o partido se presentou perante o electorado*⁷³. Realmente isto sería verdadeiramente esperanzador, pois o incumprimento do programa podería levar a un cambio no sentido do voto daqueles que se identifican co partido. Pero a mesma pertenza ó grupo político, e incluso o que podemos chamar sentido de partido, moitas veces xoga o papel fundamental na determinación do voto no procedemento electoral. De aí que podemos afirmar con rotundidade que os partidos políticos chegaron a sacralizarse dentro do panorama político español, e fóra deles só existe o *abismo político*. Tratamos con anterioridade a cuestión do transfuguismo político valorado como anatema, o que non deixa de ser un indicio claro da consideración que o partido tén na cidadanía: un abandono do partido —xa non digamos un cambio— é entendido como unha traición ó sistema democrático, aínda tendo en conta que o sistema prohibe expresamente o mandato imperativo, así como que a xurisprudencia remarca que a titularidade do cargo como representante pertence á persoa elixida e non ás organizacións partidistas. A despersonalización da representación pode devir, tamén, dunha *forma deliberada na que historicamente se quixo modelar a representación política para lograr que os representantes o fosen de toda a nación ou o pobo, e non só dos seus concretos electores*⁷⁴. Gran parte da culpa de que a cidadanía considere o sistema partidista como *democráticamente natural*, é da configuración do voto en listas fechadas, completas e bloqueadas. E isto leva a que se chegue a entender que o partido político ascenda da condición de simple medio que canaliza a participación política da cidadanía, a un fin en si mesmo⁷⁵; ademais de que non se questione que o mandato do elector sexa recibido por unha entidade partidista, en troques de ser recibido polo representante elixido⁷⁶. Supón unha peor paisaxe no sistema representativo a consideración de que os representados non sexan os cidadáns, senón os partidos. Estes desprazarían ó pobo no seu dereito á participación do público, e o pobo quedaría limitado a avalar, co voto, a unha concreta corrente ideolóxica⁷⁷.

72 VALLÉS, p. 16: «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política». (T. do A.)

73 SANTAOLALLA, Fernando; p. 35: «Problemas jurídico-políticos del voto bloqueado», pp. 29-43, *Revista de Estudios Políticos*, nº 53, setembro-outubro 1986. (T. do A.)

74 ESPÍN TEMPLADO, *op. cit.* p. 30.

75 SANTAOLALLA, *op. cit.* p. 31.

76 *Ibid.* p. 32.

77 *Ibid.* p. 31.

Por todo isto se debe pretender delimitar con moito tino a representación semellanza, en tanto pode suxerir un relevo no suxeito pasivo da representación —a cidadanía—, e a asunción dun papel prevalente na relación representativa por parte do partido, que controlará nunha dobre dirección a representados e representantes⁷⁸. Isto conduce, invariablemente, á volatilización da responsabilidade política do representante, que terá sempre a excusa protectora do partido político. En resumo: a representación por afinidade, ó dar cabida a elementos tan distorsionadores do contido esencial da relación representativa, non é unha boa opción para o fomento da democracia e a participación cidadá.

Que exista un tipo de representación semellanza parece que non satisface plenamente as demandas democráticas da cidadanía. A propia Constitución indica, no seu artigo 6, que a estrutura interna e o funcionamento dos partidos políticos deben ser democráticos. Con isto queremos resaltar que a simple reunión arredor de certa ideoloxía non é suficiente para que a entidade que engloba ás persoas que teñen ideas políticas comúns leven a cabo unha completa representación da cidadanía e dos seus intereses políticos. Así certos autores dan un paso máis alá no eido da representación semellanza e defenden que o camiño que o sistema debe seguir é a implicación da cidadanía na vida dos partidos, podendo designar a aqueles candidatos que integrarán as listas electorais nas que despois concorrerán ós comicios. O que se procura mediante este mecanismo, que se configuraría nunha especie de *elección primaria*, é que o poder que exercen os partidos se vexa limitado dende o seu inicio no procedemento electoral, posto que é habitual que as listas de candidaturas sexan configuradas dacordo ás instrucións das elites que gobernan os partidos. Deste xeito, coa introducción dunha participación popular que determine qué persoas do partido son as óptimas para o exercicio da representación. Así se preguntará ESPÍN TEMPLADO se *a selección de candidatos [...] ¿satisfai o obxectivo de que entre os candidatos que resulten electos e os electores e entable unha relación de representatividade?*⁷⁹ Afonda este autor, salientando as deficiencias das que adoeece a actual designación de candidatos: secretismo e ser unha decisión allea ós electores e ás bases do partido, respondendo ás decisións dos órganos da dirección da agrupación política⁸⁰. As chamadas eleccións primarias axudarían a fixar na orde da lista da candidatura as opcións e preferencias dos electores⁸¹. BLANCO VALDÉS afirmará que se deberían introducir *modificacións no sistema electoral encamiñadas a debilitar ás organizacións partidistas —e favorecer, correlativamente o peso dos aspirantes individuais incluídos nas súas candidaturas e os vínculos de unión, control e dependencia entre elixidos e electores—*⁸². Esta afirmación tén, ó noso parecer, un sentido ambivalente: por unha parte

78 ESPÍN TEMPLADO, *op. cit.* p 32: *a relación bilateral entre electores e representantes deixou paso a un esquema trilateral electores-partidos-representantes. Iso levou con frecuencia a defender que a relación de representatividade se produce entre electores e partidos, en lugar de entre electores e representantes; estes quedarían devaluados, finalmente, a simples delegados dos partidos. Certamente a presenza dos partidos políticos de as supuxeron un cambio de dificilmente pode sobrevalorarse.*

79 *Ibid.* p. 35.

80 *Ibid.* p. 36.

81 *Ibid.* p. 38.

82 BLANCO VALDÉS, Roberto Luis; p. 243: «Reformar el sistema electoral o reformar los partidos», pp. 231251; en Ruiz-Rico,

reclama que os electores podan tomar parte na designación de candidatos, se falamos dun sistema electoral de listas fechadas; por outra, é doado imaxinar que contén unha invocación a cambios máis profundos no sistema electoral, que permitan discriminar ós distintos candidatos na propia lista electoral, é dicir: a definitiva introducción dun sistema de listas abertas.

O método de listas abertas permite que o elector teña unha relación máis directa co seu representante. Esta modalidade é a que VALLÉS nomea como de *representación acción*, e para poñela en práctica adóitase acudir a sistemas de voto maioritarios⁸³. Estes métodos permiten certas vantaxes, tanto de orde política como de orde xurídica, de tal forma que a representación non se vería afectada pola falta de proporcionalidade.

En primeiro lugar, os sistemas que permiten o voto en lista aberta e fundamentados nunha visión práctica da representación, constitúen o mandato representativo ó abeiro da liberdade do elector, reforzando a súa situación no sistema político con respecto do seu representante, fronte ós partidos e dende a óptica da participación cidadá na vida política. Incluso supón un modo de forzar o *funcionamento democrático dos partidos*⁸⁴, xa que achegaría ás opcións dos electores, as decisións das direccións das organizacións políticas acerca dos candidatos. Reforza a situación no sistema porque o elector será un *mandante*; e non un simple avalista dun partido político que pode representar, con máis ou menos adecuación, a súa ideoloxía. Así se lograría que a ideoloxía políticoelectoral, e as propostas para os comicios, descendesen a niveis máis humanos e accesibles por todos. As preocupacións dos electores acadarían unha voz para seren tratadas nos órganos de goberno, e trataríanse como *un conxunto máis ou menos sistemático de propostas concretas e específicas de actuación*⁸⁵. A iniciativa cidadá tería unha vía máis directa para chegar ás institucións. Este reforzo da posición do electorado tamén devén da facilidade que os sistemas de listas abertas teñen para pór ós representantes a disposición do electorado, cousa que se incrementa cando o sistema de listas se combina con unha asignación de escanos por maioría simple. A relación entre representantes representados será maior, en tanto o representante terá interese directo en manter fiel —e satisfeito— ó seu electorado. O electorado, pola súa banda, poderá someter a un control máis estreito e cercano a actividade do seu representante, de tal xeito que poderá acudir a el de forma doada.

Gerardo; GAMBINO, Sílvia (Coords.): *Formas de goberno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.

83 Aínda que a correlación entre sistemas maioritarios-representación/acción e sistemas proporcionais-representación/afinidade non é necesaria. Sería posible aplicar, coma no caso español, un sistema electoral de efectos maioritarios coa representación por afinidade. Vid VALLÉS, p. 16: «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política».

84 SANTAOLALLA, *op. cit.* p. 37.

85 PORRAS NADALES, *op. cit.* p. 57.

O que pretendemos salientar aquí é que o importante na representación non é, precisamente, unha adecuación ideolóxica, senón que o que BRONFMAN denomina o *ámbito relacional*⁸⁶ da representatividade. Así, por moi pouco proporcional que fose o sistema electoral —imaxinemos o sistema británico, tan refutado, que asigna os representantes por un método tan simple e democrático como o maioritario puro— podería *superar as súas deficiencias con un bo desenvolvemento dos mecanismos de comunicación entre elector e electido*. Neste sentido, *convén apuntar que nada impide, na teoría, que un parlamentario organice unha oficina de atención ós cidadáns da súa circunscrición e que esto mellore substantivamente a súa representatividade*⁸⁷. É un paradoxo que un sistema tan desproporcional coma o británico sexa representativo en sumo grao, cando é neste onde o voto é uninominal e en pequenos distritos, e o reparto dos escanos se efectúa mediante un sistema de maioría relativa a unha volta: a disciplina de partido non chega ós límites que acada en España, os membros do parlamento atenden ós seus representados —xeralmente as tardes dos venres, nas que os *Comúns* non teñen sesión—, e o sistema representativo e a relación directa entre o representadorepresentante está tan inserida na mentalidade cidadá⁸⁸, que non existe un rexeitamento do sistema por ser *pouco representativo proporcionalmente*. Outra vantaxe deste sistema é que *non impide o acceso á representación de partidos «menores» no cómputo global de votos*⁸⁹, cando o partido minoritario está moi arraigado nunha circunscrición. Non obstante, que non se produzan tensións no marco do sistema político por mor do uso deste modelo electoral pódese atribuír a que, a pesares de que Gran Bretaña non téñ unha constitución codificada, si ten normas e usos constitucionais, entre os que podemos incluír as normas electorais. Estas xurdiron, precisamente, a través *dun lento proceso de aumento e modificación*, polo que FOWERAKER cualifica a súa creación, como unha tarefa de *xardinaxe institucional*⁹⁰.

Por todo isto, defendemos como máis representativo os métodos de representación fundados no forte vínculo entre o elector e o deputado. Porque é precisamente esa relación a que hai que coidar cando os parlamentos parecen dar a espalda á cidadanía, e volver a cara ós partidos que monopolizan a representatividade, esgrimindo o argumento da semellanza ideolóxica cos seus electores e o aval materializado nun número determinado de votos.

86 BRONFMAN, *op. cit.* p. 285.

87 BRONFMAN, *op. cit.* p. 285.

88 Vid PEREIRA MENAUT, *El ejemplo constitucional de Inglaterra*.

89 PALLARÉS PORTA, *op. cit.* p. 66.

90 FOWERAKER, *op. cit.* p. 174.

IV. CONCLUSIÓN

A literatura axudaranos a entender mellor. Jorge Luis BORGES escribiu⁹¹:

“Do rigor na ciencia

...Naquel Imperio, a Arte da Cartografía logrou tal Perfección que o mapa dunha soa Provincia ocupaba toda unha Cidade, e o mapa do imperio, toda unha Provincia. Co tempo, eses Mapas Desmesurados non satisfixeron e os Colexios de Cartógrafos levantaron un Mapa do Imperio, que tiña o tamaño do Imperio e coincidía puntualmente con el. Menos Adictas ó Estudo da Cartografía, as Xeracións Seguintes entenderon que ese dilatado Mapa era Inútil e non sen Impiedade o entregaron ás Inclemencias do Sol e dos Invernos. Nos desertos o Oeste perduran despedazadas Ruínas do Mapa, habitadas por Animais e por Mendigos; en todo o País non hai outra reliquia das Disciplinas Xeográficas.”

SUÁREZ MIRANDA, *Viaxes de varóns prudentes*
libro cuarto, cap. XLV, Lérida, 1658.

Podemos intentar imaxinar que o sistema electoral actúa como un mapa. Intenta ser unha representación manexable e útil dunha realidade que non se pode abarcar para as tarefas cotiás. Neste caso o goberno diario dunha comunidade política bastante ampla. Os mapas non reflecten, *toda a realidade*, senón que o máis significativo dela. Representan aquilo que é máis identificativo. Se se pretendese que o mapa electoral fose o máis exacto posible, coincidiría coa mesma sociedade, e pode ser que o mapa fose inútil: para iso está o recurso á democracia directa. Por tanto haberá que asumir que existe unha parte de imperfección na representación electoral, prezo que hai que pagar para que o sistema funcione, e non acabe en ruína.

Por outra parte, é cómpre diferenciar a representación nun mapa –algo inanimado (un debuxo) que representa a outro algo tamén inanimado (un territorio) e entre eles só se da unha relación de semellanza– da representación das persoas: seres con vontade, liberdade, dereitos e razón; que no actúan no nome doutras persoas dotadas dos mesmos caracteres esenciais, e que parecería lóxico –como corresponde ós humanos– que interactuasen entre eles. Na representación política imos máis alá da simple representación cartográfica en tanto, aínda que considerasemos que o que se quere facer é unha minuciosa *fotografía* que determine a distribución da ideoloxía política de toda a poboación, o prescindir da existencia da relación entre representantes e representados suporía dar importancia ó accesorio, elevar á categoría de fin o que é un medio. Se concentrasemos os esforzos en iso, daríamos en ser coma os cartógrafos da narración de BORGES. E o verdadeiramente relevante non son, precisamente, nin os medios nin os métodos, senón que as persoas –consideradas tanto

⁹¹ BORGES, Jorge Luís: «Del rigor en la ciencia», p. 133 en *Jorge Luis Borges, Narraciones*; edición de Marcos RICARDO BARNATÁN. Cátedra, Madrid, 2006. (Na tradución ó galego, respéctanse as maiúsculas da mesma forma que na edición reseñada. T. do A.)

individualmente, como suxeitos titulares de dereitos políticos, como en conxunto, como un todo titular da *soberanía popular*⁹²—. E as persoas só poderán ver representados os seus intereses, e só poderán ter unha participación activa no público cando teñen interlocutores ó alcance, cando poden exercer un control inmediato sobre eles, cando son capaces de manter unha relación fluída sen precisar intermediarios que monopolicen o poder ou se *autoconvirtan* no centro da vida política.

Por tanto, se cada vez reclamamos unha maior representación, vista dende o punto de vista da acción, entendemos que o seu futuro terá que pasar por métodos de elección que permitan que a cidadanía exprese a súa vontade sen necesidade de condicionantes ou renuncias no plano electoral. As listas abertas serán mecanismos válidos para iso. Na outra banda, o electorado deberá ser o centro do sistema político, ó ser a participación política un dereito fundamental, e unha acción natural humana; polo que para iso terá necesidade de ser o titular do poder político, e dunha forma activa, de maneira que lle resulte doado acceder a medios de control político e interacción cos seus representantes. Con esa finalidade haberá que configurar o sistema electoral minguando as circunscricións en atención ó número de habitantes, e quizais aumentando o número de representantes nas cámaras —especialmente no Congreso dos Deputados— para que estes últimos teñan facilidade para atender ós seus distritos electorais, o que implica unha imprescindible reforma constitucional.

Cal será o prezo a pagar? A falta de proporcionalidade, dende o punto de vista *matemático/ideolóxico*. Dende o punto de vista *cartográfico*. Non obstante, entendemos que un prezo barato e asumible.

V. BIBLIOGRAFÍA

- ALMIRANTE, Carlo; SACCOMANO, Albino: «Sistema electoral y reforma constitucional», pp. 89-128; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.
- ARISTÓTELES: *Política*, 1253a.
- BASSOLS COMA, Martín: «El sistema electoral español: balance y perspectivas», pp. 27-60; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.
- BLANCO VALDÉS, Roberto Luis: «Reformar el sistema electoral o reformar los partidos», pp. 231-251; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.
- BORGES, Jorge Luís: «Del rigor en la ciencia», p. 133 en *Jorge Luis Borges, Narraciones*; edición de Marcos RICARDO BARNATÁN. Cátedra, Madrid, 2006.

92 Utilizamos esta expresión por ser bastante usual e consagrarse constitucionalmente. Non obstante non estaría de sobra facer notar que hoxe en día non existe a soberanía, entendida como poder irresistible, total, absoluto e insuperable; do mesmo xeito que a *soberanía*, se fose un poder exercido por varios, non sería tal. A concepción da *potestas legibus soluta* está —afortunadamente— superada completamente, tanto polos feitos coma polo dereito.

- BOTELLA, J.: «El sistema electoral español: fórmula electoral y umbrales de representación», pp. 91-100; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- BRONFMAN, Alan: «La representatividad del sistema parlamentario gallego. Consideraciones en torno al régimen electoral», pp. 283-307; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.
- CACIAGLI, Mario: «Hacia la Segunda República: Los nuevos sistemas electorales de Italia», pp. 147-164; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- CÁMARA VILLAR, Gregorio: «Sobre la proporcionalidad como criterio y límite constitucional del sistema español», pp. 205-217; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- DEL CASTILLO, Pilar: «El sistema electoral: Una revisión de las propuestas de reforma», pp. 71-76; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- ESPÍN TEMPLADO, Eduardo: «Una reflexión sobre la representación política y los sistemas electorales en las democracias constitucionales», pp. 27-41; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.
- FERNÁNDEZ CUESTA, Jordi: *El sistema electoral a Austràlia: convivència en la complexitat democràtica*. Working papers nº 250; Institut de Ciències Polítiques i Socials, Barcelona, 2006.
- FLOWERAKER, Joe: «Comparando el sistema electoral español y británico: ¿Tiene sentido la reforma del sistema español?», pp. 165-175 (Trad. ó castelán de ORTEGA VILLODRES. J); en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- LAGO PEÑAS, Ignacio e Santiago: «El sistema electoral español: una cuantificación de sus efectos "mecánico" y "psicológico"», pp. 225-250; en *Revista de Estudios Políticos*, nº 107, xaneiro-marzo 2000.
- MONTERO, José Ramón: «Sobre el sistema electoral español: rendimientos políticos criterios de reforma», pp. 37-70; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- MONTERO, Jose R. LLERA, Francisco J. e TORCAL, Mariano: «Sistemas electorales en España: una recapitulación», pp. 7-56; en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº 58, 1992.
- NOHLEN, Dieter: «El sistema electoral alemán. Un estudio comparativo», pp. 129-145; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- OLIVER ARAUJO, Joan: «Circunscripción electoral y elecciones autonómicas», pp. 197-241; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.
- PALLARÉS PORTA, Francesc: «Sistema electoral y sistema de partidos», pp. 61-83; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.

- PAU I VALL, Francesc e SÁNCHEZ I PICANYOL, Jordi: «Democracia y nuevas tecnologías», pp. 425-444; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.
- PEREIRA MENAUT, AntonioCarlos: *Derecho Constitucional Español*, Tórculo, Santiago de Compostela, 2006
- El ejemplo constitucional de Inglaterra*; Servicio de publicaciones de la Facultad de Derecho, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1992.
- Lecciones de Teoría Constitucional*; Colex, Madrid, 2010.
- Sistema Político y Constitucional de Alemania. Una Introducción*. Edición de Fernando MARTÍNEZ ARRIBAS. Tórculo, Santiago, 2003.
- PORRAS NADALES, Antonio J.: «Modelos de representación y formas de gobierno», pp. 43-74; en RUIZ-RICO, Gerardo; GAMBINO, Silvio (Coords.): *Formas de gobierno y sistemas electorales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1997.
- RAMÍREZ, V. PÉREZ GÓMEZ, R. MÁRQUEZ, M.L.: «Proporcionalidad y bonificación al partido vencedor» pp. 101-125; en MONTABES, J. (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- SANTAOLALLA, Fernando: «Problemas jurídico-políticos del voto bloqueado», pp. 2943, *Revista de Estudios Políticos*, nº 53, setembro-outubro 1986.
- SEIJAS VILLADANGOS, Esther: «Mutación de los resultados del sistema electoral: la práctica del transfuguismo político», pp. 119-145; en PAU I VALL, Francesc (Coord.): *Parlamento y Sistema Electoral, VI Jornadas de la Asociación Española de Letrados Parlamentarios*; Aranzadi, Pamplona, 1999.
- SIEYÉS, Emmanuel-Joseph: «Ideas sobre los medios de actuación de que podrán disponer los representantes de Francia en 1789»; en MÁIZ, Ramón (Ed. e trad.): *El tercer estado y otros escritos de 1789*, Espasa-Calpe, Madrid, 1991.
- VALLÉS, Josep M.: «El número de representantes y la dimensión de las circunscripciones», pp. 77-90; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998.
- «Sistema electoral y democracia representativa: nota sobre la Ley Orgánica del Régimen Electoral General de 1985 y su función política», pp. 7-28; en *Revista de Estudios Políticos*, nº 33, setembro-outubro, 1986.
- TORRES VELA, Javier: «Discurso del Presidente del Parlamento de Andalucía con motivo de la inauguración de las jornadas "1977-1996: el Sistema Electoral a Debate"» pp. 15-19; en MONTABES, Juan (Coord.): *El sistema electoral a debate*; ed. Centro de Investigaciones Sociológicas e Parlamento de Andalucía, Madrid, 1998
- VELASCO, Pilar: *No nos representan. El manifiesto de los indignados en 25 protestas*; Editorial Planeta, Madrid, 2011.